



## Sección bilingüe de francés-inglés 2º da ESO

Estimadas familias:

Queremos informarles dalgunhas cuestións que poden ser do seu interese respecto das seccións bilingües que se impartirán no noso centro o vindeiro curso 2021/22.

Unha sección bilingüe é un programa que organiza a ensinanza dunha materia non lingüística para que poida ser cursada nunha lingua extranxeira.

As seccións bilingües contan xa cunha dilatada traxectoria no ensino galego. No ano 2011 comezan a funcionar en Galicia de forma regulada as primeiras seccións. (Orde de 12 de maio de 2011). A evolución é tan positiva que no curso 2014-15 xa un 40,59% dos centros de titularidade pública tiñan implantada algunha sección e na actualidade xa son máis de 100.000 alumnos/as os participantes.

Por estes motivos propoñemos a creación para o vindeiro curso 2021-2022 de tres seccións bilingües:

- Sección bilingüe francés en 2º ESO. Materia: Oratoria.
- Sección bilingüe inglés en 2º ESO. Materia: Programación.
- Sección bilingüe inglés FP. Materia: Formulación e preparación de mesturas (Ciclo Superior de Química Industrial).

O alumno que forma parte dunha clase bilingüe non poderá abandonala antes de rematar o curso agás por razóns xustificadas e coa autorización da dirección do centro. Os contidos da materia que se imparte son os mesmos que para as clases non bilingües.

Ao finalizar cada curso o alumnado que aprobe a materia bilingüe recibirán unha credencial oficial conforme participou nunha sección bilingüe, o cal se fará constar no seu libro de escolaridade e no seu expediente académico.

Para poder acceder a este grupo hai que cumprir os seguintes requisitos:

- É preciso contar coa autorización dos pais
- Obter en francés ou inglés unha cualificación superior en 1 punto á media das cualificacións de xuño do alumnado de 1º de ESO na materia correspondente.
- O número máximo de alumnos é de 15 por sección.

Para inscribirse nunha destas seccións bilingües, recorte e entregue en secretaría a sección inferior desta páxina ao formalizar a matrícula.

.....  
 Don/Dona.....pai/nai/titor legal do  
 alumno/a.....matriculado en 1º da ESO no curso  
 2020/21 **AUTORIZA** ao seu fillo/filla a optar a unha praza na seguinte sección bilingüe no curso 2021/22:

**ORATORIA** de 2º de ESO en **FRANCÉS**   
**PROGRAMACIÓN** de 2º de ESO en **INGLÉS**

A Coruña, a..... de .....de 2021

Asdo.: